



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos centros socioculturais máis dinámicos do noso concello é o existente na zona de Pelamios onde radica a sé da Asociación de Veciños As Brañas de Andrés, un local asentado nunha edificación do século XVIII que, despois da súa rehabilitación, foi inaugurado hai sete anos.

O histórico edificio, emprazado na rúa Vista Alegre, recuperou tamén na súa parte traseira uns terreos que formaron parte da súa horta para convertelos nun recollido parque público, con dous niveis, dotado de bancos para o descanso e onde a citada Asociación celebra algunhas das súas actividades.

A pesar de que o espazo mantén un bo nivel de conservación, nos últimos meses presenta un aspecto descoidado: coa herba sen cortar, os mirtos sen podar e a vexetación invadindo os bancos, as escaleiras e os accesos.

A situación fai precisa unha urxente intervención, máxime se temos en conta que nos vindeiros días se van celebrar dúas festas de gran arraigo no barrio, como son o San Xoán e o San Caralampio, con xantar e diversos actos nas proximidades. Tamén, coa chegada do bo tempo, a traseira do local da Asociación adoita convertese en escenario para distintas actividades culturais.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte Rogo:

Que por parte do Goberno local se dean as instrucións precisas para realizar os necesarios labores de mantemento e adecuación do parque existente na traseira do centro sociocultural das Brañas de Andrés, na rúa Vista Alegre, e que se teña en conta para o futuro nos traballos periódicos que desenvolven os servizos municipais de parques e xardíns.

Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 2016.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

